

## Artigo 3º

O establecido nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora do dereito de folga lles reconece aos traballadores.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24, do 3 de febreiro)

Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería  
de Innovación e Industria

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.*

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ten por obxecto defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias, baseada en:

a) Actuar nos montes e áreas confinantes mediante os tratamentos axeitados da biomasa vexetal.

b) Compatibilizar e regular os aproveitamentos e transformacións do monte e zonas agrarias confinantes coa finalidade de evitar os incendios.

c) Establecer as condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto dos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.

d) Regular as repoboacións forestais co propósito de ordenar silvicolamente as novas repoboacións nos perímetros dos asentamentos de poboación e de actuar en unidades de xestión sustentables e rendibles e que contén, entre outros criterios, coa axeitada planificación preventiva.

e) Regular a redacción dos diferentes plans de prevención e defensa e a coordinación entre as distintas administracións.

Dentro do título II, de Planeamento da defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, como elemento básico do planeamento e para os efectos desta lei, con base en criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio segundo o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo risco, medio risco e alto risco de incendio forestal.

Así mesmo, no artigo 12 defínense as zonas de alto risco (ZAR) de incendio como as superficies onde se reconece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados.

A zonificación de Galicia e a definición das devanditas zonas de alto risco faranse, segundo se prevé nos artigos 11 e 12, por orde da consellaría con competencia en materia forestal.

Para estes efectos, e en virtude do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

*DISPOÑO:*

Artigo primeiro.

Decláranse zonas de alto risco de incendios forestais as que se recollen no anexo I, compostas polos concellos que se relacionan.

No anexo II recóllese o mapa en que veñen reflectidas a configuración e distribución territorial dos concellos que conforman as zonas ZAR.

Artigo segundo.

Todos os concellos que non aparezan recollidos no anexo I serán considerados incluídos en zona de medio risco de incendio forestal.

*Disposición derogatoria*

Declárase expresamente derogada a Orde do 12 de xullo de 2005 pola que se declaran as zonas de especial risco de incendios forestais.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2007.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*ANEXO I*

Zonas de alto risco de incendios  
Provincia da Coruña

DISTRITO	CONCELLO
I	FERROL
I	MONFERO
I	NARÓN
I	NEDA
I	VALDOVIÑO
II	ABEGONDO
II	ARANGA
II	ARTEIXO
II	CARBALLO
II	CORISTANCO
II	CORUÑA (A)
II	CURTIS
II	LAXE
II	LARACHA (A)
II	MALPICA DE BERGANTIÑOS
II	PONTEGESO
II	CABANA DE BERGANTIÑOS
III	AMES
III	BRIÓN
III	CERCEDA
III	MELIDE
III	MESÍA
III	ORDES
III	SANTIAGO DE COMPOSTELA
III	SOBRADO
III	TEO
III	TOQUES
III	TORDOLA
III	VAL DO DUBRA
III	VEDRA
IV	BAÑA (A)
IV	BOIRO
IV	DODRO
IV	LOUSAME
IV	NEGREIRA
IV	NOIA
IV	OUTES
IV	PADRÓN
IV	POBRA DO CARAMIÑAL (A)
IV	PORTO DO SON
IV	RIANXO
IV	ROIS
IV	RIBEIRA
V	CAMARIÑAS
V	CARNOTA
V	CEE
V	DUMBRÍA
V	FISTERRA
V	MAZARICOS
V	MUXÍA
V	MUROS
V	SANTA COMBA
V	VIMIANZO
V	ZAS

Provincia de Lugo

DISTRITO	CONCELLO
VII	BECERREÁ
VII	CERVANTES
VII	FONSAGRADA (A)
VII	NAVIA DE SUARNA
VIII	BÓVEDA
VIII	CHANTADA
VIII	MONFORTE DE LEMOS
VIII	QUIROGA
VIII	RIBAS DE SIL
VIII	SAVIÑO (O)
VIII	TABOADA
VIII	CARBALLEDO
IX	FRIOL
IX	GUNTÍN
IX	INCIO (O)
IX	LUGO
IX	PALAS DE REI
IX	SARRIA
IX	MONTERROSO
X	COSPEITO
X	GUTIRIZ
X	VILALBA

Provincia de Ourense

DISTRITO	CONCELLO
XI	AVIÓN
XI	BOBORÁS
XI	CARBALLEDA DE AVIA
XI	CARBALLIÑO (O)
XI	IRIXO (O)
XI	MASIDE
XI	MELÓN
XI	PIÑOR
XI	SAN CRISTOVO DE CEA
XI	CORTEGADA
XII	ALLARIZ
XII	BAÑOS DE MOLGAS
XII	BOLA (A)
XII	CELANOVA


DISTRITO	CONCELLO
XII	ESGOS
XII	XUNQUEIRA DE AMBÍA
XII	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
XII	MACEDA
XII	MERCA (A)
XII	NOGUEIRA DE RAMUÍN
XII	OURENSE
XII	PADREDA
XII	PEREIRO DE AGUIAR (O)
XII	QUINTELA DE LEIRADO
XII	VEREA
XIII	BARCO DE VALDEORRAS (O)
XIII	BOLO (O)
XIII	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
XIII	CASTRO CALDELAS
XIII	CHANDREXA DE QUEIXA
XIII	LAROUCO
XIII	MANZANEDA
XIII	PETÍN
XIII	POBRA DE TRIVES (A)
XIII	SAN XOÁN DE RÍO
XIII	RUBIÁ
XIII	TEIXEIRA (A)
XIII	VEIGA (A)
XIII	MONTEDERAMO
XIV	CASTRELO DO VAL
XIV	CUALEDRO
XIV	GUDIÑA (A)
XIV	LAZA
XIV	MEZQUITA (A)
XIV	MONTERREI
XIV	OÍMBRA
XIV	RÍOS
XIV	VERÍN
XIV	VIANA DO BOLO
XIV	VILARDEVÓS
XIV	VILARIÑO DE CONSO
XV	BALTAR
XV	BANDE
XV	BLANCOS (OS)
XV	CALVOS DE RANDÍN
XV	ENTRIMO
XV	XINZO DE LIMIA
XV	LOBEIRA
XV	LOBIOS
XV	MUÍÑOS
XV	RAIRIZ DE VEIGA
XV	VILAR DE BARRIO

Provincia de Pontevedra

DISTRITO	CONCELLO
XVI	CERDEDO
XVI	DOZÓN
XVI	ESTRADA (A)
XVI	FORCAREI
XVI	AGOLADA
XVI	LALÍN
XVI	RODEIRO
XVI	SILLEDA
XVI	VILA DE CRUCES
XVII	ARBO
XVII	CAÑIZA (A)
XVII	COVELO
XVII	MONDARIZ
XVII	MONDARIZ-BALNEARIO
XVII	NEVES (AS)
XVII	PONTEAREAS
XVII	SALVATERRA DE MIÑO
XVII	CRECENTE
XVIII	BAIONA
XVIII	FORNELOS DE MONTES
XVIII	GONDOMAR
XVIII	GUARDA (A)
XVIII	MOS
XVIII	OIA
XVIII	PAZOS DE BORBÉN
XVIII	PORRIÑO (O)
XVIII	REDONDELA
XVIII	ROSAL (O)
XVIII	SALCEDA DE CASELAS
XVIII	SOUTOMAIOR
XVIII	TOMIÑO
XVIII	TUI
XVIII	VIGO
XVIII	NIGRÁN
XIX	BARRO
XIX	CALDAS DE REIS
XIX	CAMBADOS
XIX	CANGAS
XIX	CATOIRA
XIX	COTOBADE
XIX	LAMA (A)
XIX	MARÍN
XIX	MEAÑO
XIX	MEIS
XIX	MOAÑA
XIX	PONTEVEDRA
XIX	PORTAS
XIX	POIO
XIX	PONTECALDELAS
XIX	SANXENXO
XIX	VALGA
XIX	VILABOA
XIX	VILANOVA DE AROUSA
XIX	VILAGARCÍA DE AROUSA
XIX	GROVE (O)
XIX	BUEU
XIX	ILLA DE AROUSA (A)


# CONCELLOS DE ALTO RISCO DE INCENDIO

PLADIG 2007



Designación	Supl. non Forestal (ha)	Supl. Forestal (ha)	Concellos
Concellos sin superficie ZAR	313.463,19	617.413,01	120
Concellos con superficie ZAR	604.404,97	1.422.161,10	195
<b>TOTAL</b>	<b>917.868,16</b>	<b>2.039.574,11</b>	<b>315</b>

Fuente: Concellos do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.



Distrito Forestal: Concellos.  
 IX Código de Distrito Forestal.  
 Proxectos: 204, Zonas ZAR  
 Data: 16/03/06

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Corrección de erros.-Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2007-2008.*

Advertido erro, na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 74, do martes 17 de abril de 2007, cómpre efectuar a devandita corrección:

Na páxina 6.165, no artigo 12.5º, onde di: «... deberán contar coa autorización expresa e logo da Consellería de Cultura e Deporte e do centro onde estiveron destinados.», debe dicir: «... deberán contar coa autorización expresa e previa da Consellería de Cultura e Deporte e do centro onde estiveron destinados».

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 30 de marzo de 2007 pola que se acorda a cesión en propiedade de cinco ordenadores persoais á Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo.*

A Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, permite a cesión de bens mobles da comunidade autónoma sempre que se dediquen a fins de utilidade pública ou interese social, exixindo o Decreto 50/1989, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 3/1985, que a orde de cesión exprese a finalidade concreta á cal a entidade beneficiaria debe destinar os bens, así como as súas condicións.

A *Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo*, inscrita co número 1983/000361 no Rexistro Provincial de Asociacións e co número VP-1515 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, carece de fins lucrativos segundo o establecido no artigo 2º h) dos seus estatutos. Esta entidade solicitou da Consellería de Traballo a cesión de equipamentos informáticos que xa estean en desuso, para poder realizar actividades de apoio e reforzo educativo para os nenos/as do colectivo xitano.

Para tal fin, a Consellería de Traballo tramitou o expediente de cesión, de conformidade co disposto no artigo 35 bis da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 96 bis do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo.

Polo exposto, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

## DISPOÑO:

### Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade, a favor da *Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo*, dos seguintes bens:

Marca	Características	Número de serie
PC IBM	PI, 16 Mb RAM, 1 G disco duro	551MUN1
PC Fujitsu	PI, 64 Mb RAM, 7 G disco duro	YBRI0065650401
PC IBM	PII, 32 Mb RAM, 3 G disco duro	550M150
PC Toshiba	PIII, 64 Mb RAM, 8 G disco duro	Y9127793E
PC Fujitsu	PIII, 64 Mb RAM, 8 G disco duro	YBQP0011841123
Pantalla Fujitsu	15"	26361K605U150
Pantalla Fujitsu	15"	526361K819V150
Pantalla Fujitsu	15"	S26361K819V150
Pantalla IBM	15"	65460BN
Pantalla Philips	15"	CX000049655607

### Artigo 2º

As cesións sinaladas no artigo anterior quedan sometidas ás seguintes cláusulas:

a) Os bens cedidos, tal como establecen os artigos 35 bis da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 96 bis do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinaranse a fins de utilidade pública ou interese social da *Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo*. Concretamente destinaranse a actividades de reforzo educativo para os nenos/as do colectivo xitano así como de iniciación á informática.

b) Coa cesión outórgaselle á *Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo* a propiedade dos bens mobles cedidos.

c) Se os bens cedidos non se aplicasen aos fins sinalados, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento ou se incumprisen as condicións do acordo, considerárase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioracións que experimentasen.

d) Serán por conta da entidade cesionaria todos os gastos de conservación e mantemento dos bens mobles cedidos.

### Artigo 3º

As devanditas cesións formalizaranse mediante acta subscripta polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Traballo para ditar e realizar as resolucións e trámites necesarios para o desenvolvemento e execución desta orde.